

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	COIRÓS
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santiago de Ois
<b>Dirección</b>	Lugar do Casal, 21 15316
	43.247351 -8.122792
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Igrexa románica de finais do século XII, composta dunha soa nave e ábsida rectangular ao que se accede a través dun arco triunfal de medio punto sobre semicolumnas adousadas. Ten unha sancristía apegada ó muro lateral norte da ábsida. Os muros son de apoio continuo de cantería cunha saeteira en cada lado. A cuberta é a dúas augas na nave e a tres na sancristía. A cubrición realízase con tella curva do país sobre estrutura de madeira. Na cornixa mantén os canzoriños románicos, un deles con forma humana, e sobre os piñóns dos testeiros dúas cruces de pedra de tipo xeométrico. No muro lateral sur, hai outro acceso pero esta está tapiada.</p> <p>A fachada é de traza sinxela seguindo un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante a porta de acceso alintelada. Sobre o ingreso vai un fornello cunha imaxe de Santiago Apóstolo. Rompendo o vértice do pentágono e flanqueado por dous pináculos, sitúase unha base para unha espadana barroca de dous ocos. O primeiro formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares e serven para aloxa-las campás. O segundo un frontón triangular curvo cun oco en arco de medio punto e coroadado cun pináculo e unha cruz sinxela de forxa. Este segundo corpo está flanqueado por outros dous pináculos.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	06-10-2021

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">RIVERA, CAMPANAS</a>	2014	50	72

Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1951	55	96
----------	------------------------	---	------	----	----

Información completa: [Igrexa de Santiago de Ois - COIRÓS \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)